



BOP

MÉRCORES, 11 DE FEBREIRO DE 2026

N.º 034

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ARQUEÓLOGO/A, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 6 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de ARQUEÓLOGO/A para poder atender as necesidades da Rede Museística Provincial e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación do persoal empregado público, publicados na páxina web da entidade www.deputacionlugo.gal (Temas - Recursos Humanos - Selección Temporal).

*Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de ARQUEÓLOGO/A, grupo A - subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).*

2º *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2025 e publicadas no BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025.*

3º *Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

4º *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

5º *Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.*

6º *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ARQUEÓLOGO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
ARQUEÓLOGO/A	A – A1	Á Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo ou as distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grao en Arqueoloxía, Grao en Historia ou titulacións académicas equivalentes que habiliten para o exercicio da actividade arqueolóxica.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.
2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.
3. Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.
4. Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. As persoas interesadas. Dereitos da cidadanía nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.
9. O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:**I HISTORIA**

10. O Paleolítico en Galicia. Periodización e principais características. Industria lítica. Xacementos lucenses.
11. O Neolítico en Galicia. Economía. Industria lítica e cerámica.
12. A Idade do Bronce en Galicia.
13. Megalitismo galego. O fenómeno tumular e a ocupación do territorio. Exemplos lucenses.
14. A Idade do Ferro en Galicia. Cronoloxía e características. Cultura castrexa. Sociedade, economía e crenzas.
15. A conquista e ocupación romana. Nova administración do territorio.
16. O Reino de Galicia. Do Medievo ata a rebelión irmandiña.

II ARQUEOLOXÍA

17. Arqueoloxía: concepto e especialidades.
18. Tipos de intervencións arqueolóxicas. Tramitación de expedientes e proceso administrativo.
19. A prospección arqueolóxica: Metodoloxía e técnicas de detección.
20. Sistemas de datación arqueolóxica, do xacemento ao laboratorio.
21. A conservación e protección dos xacementos arqueolóxicos.
22. A Rede galega do patrimonio arqueolóxico.
23. Problemática da arqueoloxía urbana e dos centros históricos en Galicia.
24. Ciencias auxiliares da arqueoloxía.
25. A muralla romana de Lugo. Aproximación xeral á súa estrutura e principais intervencións arqueolóxicas.
26. Conxuntos arqueolóxicos cerámicos de Lucus Augusti. Visión xeral , influencias e comercio.
27. Sistema viario romano na provincia de Lugo. Trazado e organización en relación ao Noroeste peninsular.
28. As termas romanas de Lucus Augusti. Elementos arquitectónicos e achegas arqueolóxicas.
29. Musivaria en Galicia. Dispersión, temáticas e modelos de conservación. Exemplos da provincia de Lugo.
30. Explotacións auríferas romanas no Noroeste peninsular. Exemplos da provincia de Lugo.

III MUSEOS

31. Os museos na lexislación galega vixente: creación, cualificación, requisitos, titularidade e xestión. Normativa de Museos e centros museísticos.
32. Definición e concepto de museo. Orixe, evolución e actualidade destas institucións. O papel do museo na construción de identidades.
33. Sistemas de documentación no museo. Técnicas e procedementos documentais na xestión das coleccións.
34. A conservación de bens mobles de carácter arqueolóxico no museo. Formas de intervención. Procedementos, técnicas de manipulación e movementos de bens museísticos.
35. A Rede Museística Provincial de Lugo.
36. Museo Provincial de Lugo. Xénese, historia e organización actual.
37. As coleccións arqueolóxicas do Museo Provincial de Lugo. Organización e distribución de salas. Bens máis senlleiros da exposición estable.
38. Arqueoloxía romana no Museo Provincial de Lugo: coleccións.
39. Colección de epigrafía e numismática do MPL.
40. Colección de ourivería antiga do MPL.
41. Os depósitos de materiais arqueolóxicos no MPL. Orixe e evolución histórica museal.
42. Tipos de materiais arqueolóxicos e formas de exposición.
43. O museo como espazo de conservación, exhibición, investigación e divulgación do patrimonio cultural.
44. Os sistemas de almacenamento nos Museos. Conservación preventiva, condicións ambientais, factores de alteración . Control e acceso das zonas de reserva.

45. Actividades didáctico-pedagóxicas de cara á promoción da arqueoloxía. Exemplos de iniciativas implementadas no MPL.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0321

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 6 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL para poder atender as necesidades da Deputación Provincial de Lugo e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as e que estarán publicados na páxina web da entidade www.deputacionlugo.gal (Temas - Recursos Humanos - Selección Temporal).

*Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, grupo A - subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).*

2º *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2025 e publicadas no BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025.*

3º *Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

4º *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

5º *Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.*

6º *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	A – A1	As distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Licenciatura ou grao en Comunicación Audiovisual; Grao en Comunicación Audiovisual/Bachelor in Film, Television and Media Studies; Grao en Comunicación Audiovisual e Multimedia; Grao en Comunicación e Periodismo Audiovisual; Grao en Comunicación Audiovisual e Novos Medios/Bachelor in Audivisual Comunicación and New Media; Grao en Comunicación e Periodismo Audiovisual; Grao en Periodismo, Comunicación Dixital e Novos Medios ou Licenciatura ou Grao en periodismo.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.
2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.
3. Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.
4. Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. As persoas interesadas. Dereitos da cidadanía nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.

9. O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

10. Información e comunicación: os seus fins. Proceso de comunicación. Aspectos psicolóxicos e sociolóxicos da comunicación humana: clases de comunicación.
11. A Sociedade Rede. O ecosistema comunicativo actual. Estrutura e organización de medios en Galicia. O papel de cada medio de comunicación. As redes sociais. O papel das redes sociais nas Administracións Públicas: Concepto de rede social. Tipos de redes sociais. Vantaxes para a Administración Pública. Dificultades.
12. Coordinación interdepartamental na área de comunicación dunha institución: relacións públicas, mercadotecnia, publicidade, protocolo e prensa.
13. O plan de comunicación. Pasos para crear un plan de comunicación efectivo. Difusión interna e externa.
14. As audiencias activas. A cidadanía como consumidora e produtora de información. A participación cidadá nos medios. A comunicación cidadá e as súas canles.
15. A opinión pública. Evolución histórica. Factores que inflúen na aparición do réxime de opinión. As enquisas de opinión pública.
16. Os medios audiovisuais. A comunicación nos cibermedios. A comunicación na sociedade en rede.
17. Comunicación dixital. Como crear unha imaxe positiva dunha institución e factores negativos. Contidos web e xestión de redes sociais. A aplicación das novas tecnoloxías na Administración Pública. Intranet e Internet.
18. A web corporativa nunha institución pública e gabinete de prensa virtual. Deseño gráfico multimedia. Tipografía e color. Formatos e optimización de imaxes. Uso de ferramentas de tratamento de imaxes.
19. Usabilidade e accesibilidade web: Normas de accesibilidade e marco lexislativo actual. Ferramentas de revisión de accesibilidade. Avaliación da usabilidade e da experiencia de usuario. Adaptación a dispositivos móbiles.
20. Marketing online: Análítica Dixital con Google Analytics. Técnicas de posicionamento SEO e SEM. Google Adwords. Google Webmaster Tools.
21. O big data. As bases de datos. A xestión dos datos na Sociedade Rede. O xornalismo de datos.
22. A documentación na Sociedade Rede. Busca e recuperación da información. A documentación audiovisual e multimedia. Tendencias en información e documentación.
23. Comunicación nas redes sociais: Reputación dixital. Xestión de redes sociais. Curación de contidos.
24. A ética e a deontoloxía profesional. Os códigos deontolóxicos. Os órganos e sistemas de regulación. A rendición de contas dos medios e os profesionais da información na Sociedade Rede. A censura e a autocensura.
25. Os efectos e a influencia da comunicación. A tipoloxía dos efectos da comunicación. As etapas da investigación sobre os efectos. Técnicas e sistemas de medición de audiencias e difusión. Os estudos sobre impactos das mensaxes na Sociedade Rede.
26. A comunicación política. Antecedentes históricos. Comunicación política e réxime democrático. A comunicación política na Sociedade Rede.
27. A liberdade de expresión e de comunicación. O artigo 20 da Constitución Española. O dereito de rectificación. O dereito da cidadanía a recibir información veraz. Os límites á liberdade de expresión. Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Protección da mocidade e a infancia.
28. Os gabinetes de comunicación na Sociedade Rede. O gabinete de comunicación dunha Administración Local: organigrama, características, funcións e disfuncións. Tipoloxías e modelos estándar. O gabinete de comunicación online. Características das mensaxes para o ecosistema comunicativo actual. Desafíos na era da conectividade e a mobilidade.
29. As rutinas de produción diarias no gabinete de comunicación dunha Administración Pública. As singularidades das rutinas de produción diarias no gabinete de comunicación dunha Deputación Provincial. Organización de tarefas e prioridades.
30. A comunicación institucional. O marco normativo vixente sobre transparencia. Técnicas e estratexias para cumprir o marco normativo sobre transparencia. O papel da cidadanía. A colaboración cidadá: técnicas e estratexias para a súa implicación.

31. A xestión da información: orixe, evolución e situación na sociedade rede. A comunicación interna: características e estrutura. Técnicas e estratexias. A comunicación externa: características e estrutura. Técnicas e estratexias.
32. As fontes informativas. O gabinete de comunicación como fonte. O papel das fontes oficiais. Outras fontes. Identificación das fontes.
33. O comunicado de prensa e a nota de prensa: obxectivos, preparación, elaboración e sentido da oportunidade. Os comunicados e as notas nun gabinete de comunicación dunha Administración Pública.
34. As roldas de prensa e comparecencias ante os medios de comunicación: organización e preparación. Convocatorias informativas: o caso das Administracións públicas locais. A organización de eventos mediáticos.
35. A información das Entidades Locais e a súa importancia ante a opinión pública. A información como servizo público á cidadanía. Publicacións corporativas: xestión e difusión.
36. O Boletín Oficial da Provincia de Lugo na comunicación institucional.
37. Publicidade e mercadotecnia. A publicidade institucional. Promoción de servizos públicos xestionados polas administracións locais. Campañas de sensibilización cidadá e campañas informativas locais.
38. O guión. Fases de elaboración. Acción dramática e recursos narrativos. Formatos. Guión técnico. Guión de traballo. A desagregación do guión. Documentos auxiliares do guión.
39. A linguaxe audiovisual: Plano. Toma. Escena. Secuencia. Tipos de planos.
40. A linguaxe visual e a fotografía: a sintaxe da imaxe. Teoría da cor. Composición: regras de composición.
41. O deseño gráfico: sinónimo de comunicación. O papel da semiótica. A percepción das mensaxes visuais. Psicoloxía da visión. O papel do deseño na vida diaria. A cor como comunicación. Teoría da cor.
42. A comunicación de crise. Técnicas e estratexias na xestión comunicativa dunha crise. Que facer e que non facer. Experiencias de xestión de crise nas Administracións Públicas no século XXI.
43. Os manuais de estilo. O estilo na comunicación institucional. O deseño e a visualización da información: técnicas e estratexias. A identidade corporativa. A imaxe corporativa. Premisas para unha imaxe positiva. A xestión estratéxica de a imaxe corporativa. A identidade visual corporativa. O manual de normas de identidade visual. A súa importancia na comunicación institucional.
44. O protocolo como parte integrante das ciencias da comunicación: antecedentes e definición; secuencia dos actos. Regulamento de Honores e Distincións, e Regulamento da Identidade Corporativa da Deputación.
45. Relaciones Públicas. Qué son, e a súa aplicación na Administración Pública.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0322

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE DELINEANTE, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 6 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de delineante para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Delineante, grupo B, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025).

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE DELINEANTE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
DELINEANTE	B	Ás distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais dos requisitos sinalados na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Títulos de Formación Profesional (LOE) de Grao Superior en: Proxectos de Edificación, Proxectos de Obra Civil, Deseño e Fabricación Mecánica, Construcións Metálicas, e Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos. Títulos de Formación Profesional da Lei Orgánica 1/1990 (LOGSE) ou da Lei 14/1970 (LGEFRE) equivalentes aos anteriores, ou calquera outro que habilite para exercer a profesión regulada de delineante.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4**6. PROGRAMA****A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais da cidadanía.
2. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.
3. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
4. O procedemento administrativo común. As persoas interesadas. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.
5. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario/a. As situacións administrativas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

6. Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.
7. Os principais sistemas de representación gráfica. Principais características. Vantaxes de cada un dos sistemas de representación.
8. Documentos de proxecto. Documentación gráfica. A acoutación: xeneralidades, regras e tipos.
9. Os orzamentos. Documentos dun orzamento: medicións, cadro de prezos, auxiliares de descompostos. Aplicación a programas de medicións: conceptos básicos e formatos.
10. O debuxo asistido por ordenador. Programas Autocad/MicroStation. Conceptos básicos. Funcións e aplicación practica. Espazo de deseño, follas, unidades de traballo. Modelos e ficheiros semente. Creación e modificación de bloques ou células.
11. BIM. Concepto. Principais beneficios e vantaxes do emprego da metodoloxía BIM
12. Cartografía, topografía e xeodesia. Xeneralidades sobre cartografía e xeodesia; xeoide, elipsoide, lonxitude, latitude, meridianos, paralelos. A cartografía na internet e as infraestruturas de datos espaciais.
13. Perfís lonxitudinais e transversais. Aplicacións a obra civil. Cálculo de volumes.
14. Cálculo de volumes. Métodos de cálculo. Movemento de terras.
15. Proxeccións cartográficas e sistemas de coordenadas: xeográficas e UTM. Estación total, receptores GNSS.
16. Debuxo de curvas de nivel. Concas, encoros, trazados, perfís, emprego dos mesmos.
17. Sistemas de información xeográfica. Importación de formatos CAD a programas SIX. As xeodatabases. Consulta, análises espaciais básicas e por atributos, edición modelos.
18. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: conceptos xerais de solo de Galicia; clases de solos.
19. As Normas Técnicas de Planeamento. Contido e estrutura do documento dixital.
20. As Normas Técnicas de Planeamento. Criterios específicos para a elaboración da documentación gráfica
21. A rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo. Estrutura e características. Protección do dominio público viario. Delimitacións de zonas. (Lei de estradas 8/2013, do 28 de xuño).
22. Características xeométricas das estradas. Trazado. Sección transversal.
23. Firmes: definición. Características funcionais e estruturais. Tipos: Flexibles e ríxidos. Materiais.
24. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratación do Sector Público. RD 1098/2001, do 12 de outubro: contrato de obras: actuacións preparatorias. Proxectos de obras: contido. Supervisión e traza do proxecto.
25. Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratación do Sector Público. RD 1098/2001, do 12 de outubro: contrato de obras: execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras. Cumprimento e resolución do contratos de obras.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0323

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE CAPATAZ, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 6 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de capataz, para poder atender ás necesidades do Servizo de Vías e Obras e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025, de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:**

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de capataz, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE CAPATAZ PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
CAPATAZ	GRUPO C – SUBGRUPO C2	Ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, FP Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 3**6. PROGRAMA:****A. MATERIAS COMÚNS:**

1.- A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias, organización e dependencias.

2.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS:

3.- A provincia de Lugo. Redes de estradas existentes. Características da rede de estradas da Deputación provincial. Organización e funcionamento do Servizo de Vías e Obras.

4.- Funcións dun/dunha capataz do Servizo de Vías e Obras da Área de Xestión Territorial da Deputación provincial de Lugo. Organización e planificación.

5.- Nocións xerais de interpretación dos planos: Escalas, curvas de niveis. Planos dun proxecto de estradas. Planos parcelarios.

6.- Conservación viaria. Vialidade. Conservación ordinaria e extraordinaria. Actividades de mellora. Conservación viaria. Actividades de uso e defensa. Vialidade invernal.

7.- Trazado en planta. Trazado en alzado. Seccións transversais. Unidades de obra para a execución de explanadas: tipos de terreo e medios. Drenaxe e obras de fábrica: tipos e características.

8.- Tratamentos superficiais e firmes flexibles: tipos. Materiais e medios mecánicos. Rehabilitación de firmes flexibles: Tipos. Materiais e medios.

9.- Sinalización vertical e balizamento: principios básicos e características. Sinalización horizontal: tipos de marcas viarias. Sinalización de obras

10.- Lei de Estradas de Galicia. Protección dominio público viario. Delimitación de zonas. Usos autorizables. Autorizacións. Declaración responsable de obras menores. Informes técnicos. Infraccións. Tramitación de denuncias. Sancións.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0324

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data tres de febreiro de dous mil vinte e cinco os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vintecinco.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0290

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 1/2026 e modificación do Anexo de Inversións do orzamento xeral do 2026.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 29 xaneiro 2026. aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 01/2026, na modalidade de crédito extraordinario.

Así mesmo aprobou a modificación do anexo de inversións do orzamento xeral do exercicio 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0310

Anuncio

PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE CASTROVERDE"

PERÍODO 2026-2028

PREÁMBULO.-

A lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), na liña de mellora da súa eficacia, dispón con carácter básico no seu artigo 8.1 que *"os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."*

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, no seu artigo 10, sen carácter básico, sinala que, o plan estratéxico de subvencións configúrase como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñen por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que *"os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ..."*

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e o crecemento económico.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da Corporación para os exercicios 2026, 2027 e 2028. A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e a súa financiación, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión e podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicio seguinte. O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Polo disposto, o Concello de Castroverde elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2026-2028) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.-

Os Plans Estratéxicos de Subvencións teñen carácter programático, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros, senón que se trata dunha decisión programática de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

A efectividade do presente PES atópase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.-

A regulación xurídica en materia de subvencións establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

a) Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.

b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

- c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.
- e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidad Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-

O plan estratéxico de subvención do Concello de Castroverde conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO TEMPORAL.-

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2026, 2027 e 2028 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 5. ACTUALIZACIÓN.-

Poderán ser modificadas, substituídas ou eliminadas as liñas de subvención establecidas no presente PES, que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou adecuado ao nivel de recursos invertidos, tal e como se dispón na disposición adicional decimosétima da LXS ao establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos. En todo caso, os cambios que poidan producirse deberán axustarse á lei e, fundamentalmente aos orzamentos de cada exercicio.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan se cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que, concluído o período de vixencia, non se tivese aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN.-

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica. Non obstante, o órgano competente para a aprobación das subvencións será o Alcalde, sendo delegable segundo a lei citada.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.-

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Castroverde publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e na sede electrónica municipal, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada. O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS.-

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.

2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a sinatura de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.

Ambos procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo ata o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinalados neste Plan. Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. Obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Aplicación orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade.
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

B.1.- As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquelas en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

B.2.- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de Castroverde por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

B.3.- Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN.-

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo excepcional e debidamente motivados aqueles supostos nos que se fixe un prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberá aparecer recollido nas correspondentes bases das subvencións. O órgano de seguimento e control velará polo cumprimento do “calendario” da concesión de subvención, o cal debe ser aprobado no primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 11. FINANCIAMENTO.-

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente.
2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.

3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrência competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.-

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

a) Control económico-financeiro das subvencións concedidas: está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

b) Control e seguimento do Plan: encoméndase á Xunta de Goberno Local, para o que, cada unha das Áreas que xestionan as subvencións remitirá no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e en todo caso, antes de que acabe o exercicio orzamentario memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas e reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución, concretando o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- Os custos efectivos en relación aos previsibles.
- Conclusións ou valoración global na que conste a valoración en canto aos obxectivos perseguidos e a procedencia do mantemento ou supresión do programa.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións désígnase á Xunta de Goberno Local.

A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrência competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrência competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención. A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS.-

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social	Área 1
Educación + servicios complementarios	Área 2
Promoción cultural	Área 3
Festexos e tradicións populares	Área 4
Promoción e fomento de deporte	Área 5
Participación cidadá	Área 6

13.1. Área 1. Acción social.

Acción Social	Área 1	Código 1.1
AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
b. Obxectivo específico	- Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico. - Manter a familia como unidade básica de convivencia.	

	- Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida. - Facer fronte a situacións de desprotección. - Evitar situacións de marxinación Axudar a conseguir a súa autonomía económica - Consegur a súa integración social.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	
Acción social	Área 1	Código 1.2
CONCURSO DE MICRORRELATOS		
a. Obxectivo estratéxico	Promover a igualdade entre homes e mulleres	
b. Obxectivo específico	Promover a redacción de microrrelatos, posibilitando a participación activa de cidadáns na aprendizaxe, práctica ou exhibición desta relacionado co valor da igualdade	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência.	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

13.2. Área 2. Educación

Educación	Área 2	Código 2.2
EXCURSIÓN CPI CASTROVERDE SECUNDARIA		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar programas e actividades no que o seu eixo sexa a educación en valores.	
b. Obxectivo específico	Favorecer o coñecemento da cultura e a contorna do alumnado do CPI de Castroverde.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa.	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

13.3. Área 3. Promoción cultural.

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
ASOCIACIÓNS CULTURAIS		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento das entidades culturais e deportivas municipais.	

b. Obxectivo específico	Promoción do asociacionismo no Concello de Castroverde, e a promoción das tradicións e os valores culturais propios de Castroverde, así como o apoio e promoción do deporte no Concello, respectando os valores democráticos e os dereitos de autor.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	15.900,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência.
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

13.4. Área 4. Festexos e tradicións populares

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
FESTAS PATRONAIS		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos e os dereitos de autor.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar as festas patronais para o ocio e tempo de lecer.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	10.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa.	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.2
PREMIOS DE ENTROIDO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar a participación cidadán en actividades de ocio e tempo libre con tradición no municipio, respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Apoiar a pervivencia dun evento público de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer como é o Entroido.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.600,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência.	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.3
PREMIOS CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Incentivar e apoiar a creatividade infantil e xuvenil a través dun concurso de postais de Nadal.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	600,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència.	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.4
PREMIOS CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL		
h. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
i. Obxectivo específico	Potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as festas de Nadal; contribuíndo á mellora da ambientación de Nadal ás nosas rúas comerciais.	
j. Prazo	Anual	
k. Custo presupostado	600,00 €	
l. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
m. Procedemento de concesión	Libre concorrència.	
n. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.5
CONCURSO TAPAS		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar a participación cidadán en actividades de ocio e tempo libre con tradición no municipio, respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Fomentar o consumo, dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica do concello.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	600,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència.	

g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.
-----------------------------	--

13.5. Área 5. Promoción e fomento de deporte.

Deportes	Área 5	Código 5.1
SOCIEDADE DEPORTIVA CASTROVERDE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte federado.	
b. Obxectivo específico	- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas. - Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos. - Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	6.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa.	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	
Deportes	Área 5	Código 5.2
A FORTALEZA SPORT		
h. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte	
i. Obxectivo específico	- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas. - Apoiar ás entidades na realización de eventos deportivos	
j. Prazo	Anual	
k. Custo presupostado	6.000,00 €	
l. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
m. Procedemento de concesión	Nominativa.	
n. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

13.6. Área 6. Participación cidadá.

Participación cidadá	Área 6	Código 6.1
ASOCIACIÓNS VECIÑAIS		
a) Obxectivo estratéxico	Potenciar a participación do tecido asociativo, e fomentar a organización de diferentes iniciativas colectivas canalizadas a través dos mecanismos de participación existentes na institución, así como desenvolver novas canles de acordo á actualidade social que vivimos.	
b) Obxectivo específico	- Apoio a iniciativas cidadáns que reforcen a participación cidadá. - Fomento de accións que favorezan a mellora da calidade de vida da cidadanía. - Promoción de programas, accións ou actividades que fomenten o asociacionismo.	

c) Prazo	Anual
d) Custo presupostado	18.300,00 €
e) Fonte de financiamento	Recursos propios.
f) Procedemento de concesión	Libre concorrência.
g) Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

Castroverde, 9 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, Xosé María Arias Fernández.

R. 0311

O CORGO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

Por Resolución da Alcaldía do 26 de xaneiro de 2026 aprobouse a oferta de emprego público deste Concello para o ano 2026, que contén as prazas que se citan de seguido:

Corporación: Concello do Corgo

Número de Código: 27014

PERSOAL LABORAL FIXO

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
1	Auxiliar de axuda no fogar	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar nº 16 en RPT. (Servizos Sociais Comunitarios básicos)
1	Conserxe CEIP do Corgo	Media Xornada	Conserxe CEIP do Corgo

PERSONAL FUNCIONARIO

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
1	Administrativo, posto de Xefe de Sección de Contabilidade	Xornada Completa	Administrativo, Xefe de Sección de Contabilidade. (A cubrir por promoción interna)

A execución desta oferta de emprego público debe realizarse dentro do prazo improrrogable de tres anos, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no correspondente Diario Oficial.

O que se fai público, en cumprimento do disposto nos artigos 91.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Contra a referida resolución, poderase interpoñer, potestativamente o recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da referida notificación ou interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación, sen poder simultanear ambos os dous, conforme se dispón nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndolle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

O Corgo, 3 de febreiro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0291

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 04 de febreiro de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2026, polo importe total de 11.199,39 € (dependencia) e 411,14 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0292

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 909/2024

Aprobada definitivamente por acordo adoptado na sesión plenaria de data 29/01/2026 a “Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Guitiriz” publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación da ordenanza, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

«ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

Os servizos sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas máis consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada a maior parte das veces pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade á que toda persoa ten dereito, ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local nos seus artigos 25.1: “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción da comunidade veciñal”, e no artigo 25.2.e: “O municipio exercerá en todo caso competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social”

A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais en Galicia, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece que as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e máis a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, sinálase significativamente o disposto no artigo 60 (competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos), artigo 18 c. (prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), artigo 18.3. (recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial), artigo 11º: “Funcións dos servizos sociais comunitarios: (...) c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e detección precoz de situación de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social. (...) e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social”.

No Título VII “De atribución de competencias”, no artigo 58º “Criterios Xerais: (...) 1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderánlle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Corporacións Locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta Lei”. E no artigo 60º “Competencias dos Concellos: 8...) a) A creación, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos (...)”

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. O seu artigo 8 modifica, entre outros, ao artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando redactado do seguinte xeito o artigo 25.2.e): “O municipio exercera, en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, onde se establece de forma máis ampla o contido de cada un dos programas e servizos sociais comunitarios básicos.

O Concello de Guitiriz precisa contar cunha ordenanza áxil e efectiva, de forma que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social coa normativa e cos procedementos propios dunha administración.

As axudas concederanse seguindo os criterios establecidos no presente regulamento, e mediante unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social que se vaia a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención da situacións de risco e/ou desprotección para persoas maiores e a necesidade de evitar deterioración de situacións persoais que poidan rematar en procesos de exclusión social.

CAPÍTULO I

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o procedemento da súa concesión.

As axudas de emerxencia social (AES) son prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por sí mesmas ou complementariamente con outros recursos, situacións de emerxencia social, previr situacións de exclusión social e favorecer a plena integración de sectores de poboación que carezan de recursos económicos para a atención das súas necesidades básicas.

Artigo 2. Natureza

Estas axudas caracterízanse por:

- O seu carácter finalista, debendo destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada no acordo de recoñecemento da axuda, feito que debe quedar acreditado.
- O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente.
- O seu carácter personalísimo e intransferible
- O seu carácter transitorio e non periódico.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

Persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica, carezan de medios e nas que concorran factores de risco e problemas económicos tales que dificulten ou imposibiliten a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de xeito inmediato ou urxente ou, en todo caso, no menor tempo posible, supoñendo unha ferramenta na intervención social que favoreza a integración das persoas afectadas.

Considérase unidade de convivencia familiar ao conxunto de persoas que convivan nun mesmo marco físico e manteñan lazos vinculantes de relación familiar.

No caso de que convivan mais dunha unidade de convivencia no mesmo fogar, será o persoal técnico de servizos sociais de referencia quen estableza no seu informe que persoas, das empadroadas ou residentes no domicilio, teñen a consideración de unidade de convivencia independente.

Cando a axuda sexa para atender necesidades compartidas dentro do fogar da que se vaian a beneficiar todas as persoas do mesmo, computarán os ingresos de todos os membros. Aínda que só un dos membros figure como persoa beneficiaria.

Cando as persoas solicitantes teñan familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil teranse en conta para a valoración da solicitude. Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concurrentes, non poidan facer fronte ou atender ás necesidades da unidade familiar solicitante sen desatender as súas propias ou a dos familiares ó seu cargo, ou ben cando non exista relación cos mesmos ou de existir que esta sexa conflitiva.

Artigo 4. Requisitos xerais

Para a concesión das axudas deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado/a e acreditar unha residencia efectiva no Concello de Guitiriz de xeito ininterrompido cunha antigüidade de 3 meses no momento da solicitude.

Deste período estarán exentos/as:

a) As persoas que acrediten unha situación de emigrante retornado/a de acordo ao artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

b) Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.

c) Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se tivese admitido a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

d) Vítimas de violencia de xénero ou doméstica que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.

Excepcionalmente, cando así sexa valorado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais por razóns de necesidade, precariedade ou urxencia, poderán ser beneficiarias aquelas persoas que non reúnan o requisito anteriormente mencionado de antigüidade aínda que si o de empadramento.

2. Acreditar unha situación de necesidade extraordinaria e colaborar á hora de proporcionar información e presentar a solicitude acompañada da documentación necesaria para efectuar a valoración técnica.

3. Que a antedita necesidade extraordinaria estea valorada por un/ha traballador/a social municipal a través do seu correspondente informe social.

4. Que non se cumpran os requisitos ou calquera das condicións para solicitalo a través do programa autonómico de emerxencia social, ou si o cumpre non cubran a totalidade da necesidade ou a tardanza da resolución non resolva a necesidade exposta.

5. Non ter solicitadas outras axudas para a mesma finalidade.

6. Ser maior de idade ou menor emancipado/a legalmente.

7. Realizar a aceptación expresa, por parte da persoa beneficiaria e dos membros da unidade familiar, das actuacións que figuran no seu proxecto de intervención, se fose de aplicación. No caso da existencia de proxecto de intervención anterior ou aplicable noutro recurso, que a súa avaliación sexa favorable.

8. Non ter percibido por parte da unidade familiar esta subvención no mesmo ano natural, agás cando se trate de conceptos vinculados a vivenda ou a necesidades básicas.

9. Que a unidade familiar non supere o límite de ingresos computables establecidos no artigo 5. Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos técnicos de servizos sociais, en casos de especial vulnerabilidade, poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

10. Que todos os membros da unidade de convivencia que se atopen en idade legal de traballar, deben estar inscritos como demandantes de emprego, excepto aqueles que acrediten estar matriculados nun centro educativo regulamentado.

11. No caso de ser valorado polo/a traballador/a social, a persoa beneficiaria e os integrantes da unidade familiar, asinarán un proxecto de intervención familiar co fin de evitar a exclusión social favorecendo a inserción socio-laboral. O seu incumprimento será tido en conta no caso de solicitudes de axuda posteriores.

12. Aqueles supostos distintos dos anteriores que, de modo xustificado, sexan informados favorablemente pola técnico de servizos sociais comunitarios.

Todos estes supostos se valorarán e acreditarán no correspondente informe dos Servizos Sociais municipais.

Artigo 5. Ingresos computables e límites establecidos para acceder á prestación

Considéranse ingresos da unidade familiar os rendementos de traballo líquidos ou calquera prestación/pensión periódica líquida, incluídas as pagas extraordinarias, dos últimos doce meses, así como rendementos de bens inmoables e de capital mobiliario, de calquera natureza.

No caso de contas bancarias serán computables os ingresos a partir de 1.000€, os cales se dividirán entre 12 para calcular a parte proporcional mensual.

Tamén se terán en conta outros ingresos que puideran existir non incluídos nos apartados anteriores.

Dos ingresos anteriores deduciranse os gastos derivados do alugueiro ou crédito hipotecario de amortización da vivenda ata un máximo de 300 € ao mes.

Non se computarán como ingresos, os de carácter finalista para formación regrada e a prestación familiar por fillo/a a cargo do INSS para menores de idade, así como prestación vinculada a cuidados do entorno familiar percibidas a través recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema.

Para poder beneficiarse da prestación regulada nesta ordenanza, non se poderán superar mensualmente os seguintes límites de ingresos en base ao anteriormente exposto:

Fogar unipersonal: non deberá superar 1,5 VECES O IPREM MENSUAL

Unidade familiar 2 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 15% I.M.

Unidade familiar 3 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 25% I.M.

Unidade familiar 4 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 35% I.M.

Unidade familiar 5 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 45% I.M.

Unidade familiar 6 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 65% I.M.

Unidade familiar mais de 6 persoas: non dererá superar 3 VECES O I.M.

(I.M.= IPREM MENSUAL)

Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos técnicos/as dos servizos sociais, en caso de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

Artigo 6. Criterios na prioridade de concesión

Logo da comprobación da súa manifesta necesidade, e en igualdade de condicións, fronte a situacións de escaseza de crédito orzamentario, utilizaranse os seguintes criterios na priorización de concesión:

1. Familias con menores, persoas con discapacidade e/ou dependencia recoñecida ao seu cargo
2. Vítimas de violencia de xénero.
3. As situacións socio familiares nas que a concesión da prestación solicitada resolva definitivamente a necesidade presentada, sempre que non exista outra axuda pública que poda acadar o mesmo resultado.

CAPÍTULO II: TIPOS DE NECESIDADES E CONTÍAS DAS AXUDAS.

Artigo 7 . Tipos de necesidades

1.- Necesidades básicas de **alimentación, hixiene e vestiario básico** imprescindibles para satisfacer necesidades primarias das persoas que permitan o desenvolvemento normalizado da vida diaria.

2.- Axudas para gastos de **atención farmacéutica, sanitaria e sociosanitaria** non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, con prescrición médica.

3.- Axudas para cubrir gastos vinculados ao **uso de vivenda habitual**: alugueiros ou hipotecas (máximo 2 mensualidades) e sempre e cando exista garantía de continuidade na vivenda e/ou para evitar desafiuzamentos; gastos derivados de subministros de auga, luz ou gas; aloxamentos alternativos; adquisición de mobiliario básico; equipamento; reparación básicas e urxentes.

4.- Calquera **outra axuda** destinada a gastos que non estando recollida nos apartados anteriores, **o/a traballador/a social/o ou persoal técnico considere**, motivándoo no seu informe, que resulta imprescindible para a atención inmediata dunha situación carencial urxente de cara a cubrir e garantir uns mínimos de subsistencia persoal, ou ben necesaria para o éxito do proxecto.

A cantidade percibida nun ano natural pola unidade familiar beneficiaria das prestacións comprendidas neste regulamento non poderá superar na súa totalidade as seguintes contías:

Para as necesidades contempladas no punto 1, máximo 2 veces o IPREM MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 2, máximo 2 veces o IPREM MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 3, máximo 3 veces o IPREM MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 4, máximo 2,5 veces o IPREM MENSUAL

*IPREM mensual vixente en cada anualidade.

Non son susceptibles desta axuda:

- Os gastos derivados de obrigacións tributarias e débedas coa Seguridade Social.
- Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de Ordenanzas Municipais.
- Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

Artigo 8. Solicitud

1. O procedemento iníciase, en todo caso, por solicitude da persoa interesada segundo modelo oficial que será facilitado ao efecto.

De xeito excepcional, cando existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente, que así o xustifiquen, o procedemento poderá iniciarse de oficio.

2. A solicitude, dirixida á Alcaldía-Presidencia da Corporación, formularase en modelo normalizado, facilitado polo Departamento de Servizos Sociais municipais, e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou conforme ao disposto no art.16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. Poderán realizar esta solicitude as persoas físicas que reúnan os requisitos contemplados nesta Ordenanza, en calquera momento do ano.

4. A solicitude, debidamente cumprimentada, deberá ser asinada pola persoa solicitante ou, no seu caso, por quen ostente a súa representación legal ou garda de feito.

5. Xunto coa solicitude achegarase a documentación acreditativa á que se fai referencia nesta ordenanza e que acredite os requisitos de cada unha das axudas contempladas nel e aporte datos suficientes para a valoración da situación socioeconómica da unidade de convivencia.

Artigo 9. Documentación

Documentación acreditativa dos requisitos a aportar pola persoa solicitante xunto á **solicitud**:

- Copia do **DNI, permiso de residencia, pasaporte** ou documento acreditativo da súa identidade, da persoa solicitante e, no seu caso, das persoas que integran a unidade familiar.

- **Libro de Familia** ou documento análogo equivalente e demostrativa da filiación.

- **Declaración xurada da situación de familiares obrigados a prestar alimentos** (pais e fillos).

- **Xustificantes da situación económica e de emprego** de todas as persoas integrantes da unidade familiar en idade laboral:

- **Se están en situación de desemprego:** fotocopia da **tarxeta de demandante** de emprego e **certificado do Instituto Nacional de Emprego** no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego, contía mensual líquida e período de concesión.

- **Se están desempeñando actividade laboral:** De estar en activo nalgún dos últimos 12 meses, deberá presentar:

- **Nóminas** xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral nese período (fotocopia das 6 últimas nóminas)

No suposto de que pola súa situación administrativa algunha persoa non poida presentar ningún destes documentos, deberá achegar unha declaración xurada na que indique se realiza ou non algunha actividade e cales son os seus ingresos.

- **Declaración responsable** de calquera **outro tipo de ingresos** que existan na unidade familiar.
- Copia da **declaración do IRPF** do último exercicio ou certificación negativa da Axencia Tributaria de non estaren obrigados a presentala das persoas que integran a unidade familiar.
- **Certificado expedido polo órgano competente da Seguridade Social** que corresponda, sobre percepción ou non, de pensións/prestacións e a súa contía, así como as derivadas do estranxeiro.
- **Informe emitido polo/a facultativo/a do Servizo Galego de Saúde** nos casos nos que se solicite unha axuda de inclusión social que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou coa persoa menor de idade ao seu cargo.
- **Extracto das entidades bancarias** ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes, con nº de conta, nos 12 meses anteriores á petición da axuda que inclúa saldo actual, relativo a todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, de contas en España e no estranxeiro.
- **Declaración responsable** de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a unidade familiar polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institución privadas.
- **Orzamento dos gastos** para os que se solicita a axuda cando proceda.
- **Sentenza de separación, divorcio ou de medidas paterno filiais**, convenio regulador e xustificación documental de incumprimento de pagamento da pensión alimenticia.
- **Xustificante bancario do crédito hipotecario ou contrato de alugueiro da vivenda, así como xustificantes das débedas**
- Documentación acreditativa de ser **vítima de violencia de xénero**.
- Certificado de valoración de grao de **discapacidade e ou dependencia**.
- **Xustificantes de vivenda**: copia do contrato de alugueiro e dos 3 últimos recibos ou xustificante de préstamo hipotecario de propiedade, último recibo do IBI, así como último xustificante de pago do alugueiro ou da hipoteca.
- **Certificación bancaria na que deba efectuarse o ingreso** de ser o caso.
- **Outros**: Calquera outra documentación que se estime necesaria para a valoración da situación de necesidade por parte do persoal técnico.

Por parte do Concello, se incorporarán de oficio os datos relativos a padrón de habitantes.

Artigo 10. Tramitación, Instrución e Resolución

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

1°. Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, no modelo oficial establecido para o efecto polo Departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.

2°. Revisión da solicitude e da documentación presentada por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

A instrución do expediente corresponderá ó/a traballador/a social/persoal técnico responsable, que poderá recabar a documentación complementaria das persoas solicitantes así como a comprobación de datos o aclaracións de dúbidas da documentación que obra no expediente, sempre que o considere oportuno para a correcta instrución do procedemento.

Se esta non reunise todos os datos ou documentos aludidos con anterioridade, requirirase á persoa interesada para que, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, co conseguinte arquivo, logo de resolución ditada para o efecto, nos termos que se establecen no artigo 21 da precitada lei.

3°. Estudo e valoración da situación de necesidade por parte do persoal técnico de servizos sociais e elaboración dun informe social no que se recollan as circunstancias sociofamiliares i económicas da unidade familiar, os datos da vivenda, a situación de necesidade e calquera

outro dato que se considere relevante. Así mesmo, deberá recoller unha valoración profesional e unha proposta de resolución.

4°. Logo de que a Intervención Municipal realice a fiscalización previa remitiralle o expediente á Xunta de Goberno Local ou Alcaldía-Presidencia para a emisión da resolución correspondente. No suposto de ditarse unha resolución desfavorable deberá ser motivada.

Ante unha situación de extrema urxencia que requira dunha intervención inmediata e, previo informe da traballadora social, poderá eximirse da presentación dun ou máis documentos dos que deben achegarse coa solicitude.

O órgano competente para resolver sobre as solicitudes presentadas, á vista dos informes e propostas emitidos, ditará resolución motivada, incluíndo os contidos do artigo 88 da Lei 39/2015.

A resolución conterá expresión concreta sobre beneficiario, concepto, contía e forma de pago e expresión de condicións a cumprir, no seu caso.

O prazo máximo para resolver e notificar á persoa interesada, será dun mes, dende a data en que a solicitude se rexistrara de entrada no Concello.

Non tendo ditada resolución expresa no prazo indicado, a solicitude entenderase desestimada.

De conformidade coa lexislación vixente, en todas as fases do procedemento será de aplicación a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 11. Causas de denegación ou extinción da axuda

1. Son causas de denegación da axuda:

- a) Non reunir os requisitos esixidos neste regulamento.
- b) Ter familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil.
- c) Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Servizos Sociais, con indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polo persoal técnico social informante no procedemento, salvo proba en contrario.
- d) Cese das causas que motivaron a solicitude.
- e) Calquera outra que non estando recollida nos apartados anteriores o/a traballador/a social/o persoal técnico considere, motivándoo no seu informe.
- f) Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.
- g) Que a axuda solicitada non sexa axeitada para a resolución da problemática formulada ou detectada.
- h) Que a unidade familiar xa teña percibido no mesmo ano natural subvención de emerxencia social municipal pola contía máxima establecida no artigo 7 do presente regulamento.
- i) Que a axuda solicitada sexa para sufragar débedas contraídas con calquera administración pública.
- j) Non prestar a colaboración necesaria ou impedir a labor técnica.

2. Son causas de extinción da axuda:

- a) O falecemento da persoa solicitante. Non obstante atendendo á situación socio familiar e económica poderá acordarse o cambio de titularidade a outro membro da unidade familiar, mentres subsistan as causas que propiciaron a concesión.
- b) A perda dalgún dos requisitos que motivaron a súa concesión.
- c) Cambio de residencia a outro municipio. Excepto nos casos de desafiuzamento e cambio de residencia por motivos de seguridade no caso de vítimas de violencia de xénero.
- d) Incumprimento de obrigas.
- e) Ocultación ou falseamento de datos.
- f) Renuncia expresa da persoa solicitante.
- g) Transcurso do prazo de tres meses dende que a axuda está disposta para ser aboada, sen que o ingreso poida ser efectuado por causas imputables a persoa solicitante.

CAPÍTULO IV: PAGAMENTO DA AXUDA ECONÓMICA E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Artigo 12. Aboamento da axuda económica

Será necesario informe favorable de fiscalización do gasto do servizo de intervención, elevando o expediente ao órgano competente para a concesión.

O libramento faráselle directamente ao/a solicitante ou á persoa ou entidade que preste o servizo (pagamento delegado) para o que se solicita a axuda.

Os pagamentos realizarase mediante transferencia bancaria ou anticipo de pago que deberá xustificar posteriormente, de selo caso.

A axuda xustificarase no prazo de dous meses dende que se notifique a concesión, e farase mediante facturas ou outros documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

A contía, finalidade e forma de pagamento das axudas concedidas serán as que determine a resolución.

Artigo 13. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas

Constitúen obrigas das persoas beneficiarias destas axudas as seguintes:

1. Destinar as cantidades recibidas á finalidade para que foron solicitadas/concedidas.
2. Comunicar aos servizos sociais comunitarios do Concello, no prazo de 10 días, as variacións substanciais que se dean na súa situación laboral, económica, composición familiar e calquera outra que poida supoñer un cambio na valoración inicial que deu lugar á concesión da axuda. Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitude, pero persista a necesidade da axuda, de forma excepcional, valorada aquela polo persoal técnico municipal, poderase modificar a finalidade da prestación, previo informe social razoado.
3. Facilitar o seguimento da súa situación ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios do Concello.
4. As persoas beneficiarias de axudas ou, no seu caso, quen ostente a súa representación legal, deberán proceder ao reintegro das axudas concedidas en caso de incumprimento das obrigas que se establecen neste artigo.
5. Presentar no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Guitiriz, no prazo establecido na resolución, as facturas orixinais ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da axuda concedida.
6. Cumprir o proxecto de inserción no seu caso.

Artigo 14. Reintegro e Réxime Sancionador

A falsidade ou ocultación de datos ou documentos achegados polas persoas beneficiarias da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinada a un fin distinto para a que foi concedida, implicará o impedimento de solicitar unha nova axuda por un período dun ano, ou coas normas de aplicación baseadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a persoa beneficiaria non teña xustificado o bo uso da axuda dará lugar á obriga de reintegrar a cantidade non xustificada. O concello deberá tomar as medidas necesarias e principalmente, denegar calquera outra subvención.

Artigo 15. Seguimento das axudas

Serán os Servizos Sociais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida

polas axudas de emerxencia social, así como o destino dado ás mesmas podendo requirir ás persoas beneficiarias a información ou documentación necesaria para o exercicio da devandita función de forma adecuada.

Artigo 16. Límite Orzamentario

Estas axudas económicas estarán supeditadas ás limitacións orzamentarias que anualmente se establezan.

Artigo 17. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

As solicitudes de axudas que se atopen en trámite ou fase de recurso na data de entrada en vigor das presentes bases, resultarlles de aplicación o disposto nas mesmas.

Guitiriz, 4 de febreiro de 2026.- A Sra. alcaldesa-presidenta, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0293

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio/a de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes ás ofertas de emprego público do ano 2022.

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 4 de febreiro de 2026, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2022.

II. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

III. Decreto número 3611/2024 do día 19 de abril de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP 2022 e 2 pertencentes á OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024.

IV. Decreto número 4063/2025 do 29 de abril de 2025 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 3 prazas de Técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OEP 2022 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 3611/2024.

V. Decreto número 10204/2025 de 31 de outubro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 3611/2024.

VI. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(...) a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar unha praza correspondente á OEP 2022.

Dado que a oferta de emprego público do ano 2022 no foi executada no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen causa nesas ofertas de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coa praza correspondente a esta oferta de emprego.

TERCEIRA. Porén, as prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 non están afectadas pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente conservar todos os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación ás prazas correspondentes a esta última oferta de emprego.

Por todo o exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 do 19/01/2024 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, propónselle á Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde delegada da Área de xestión integral de recursos internos a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, en relación exclusivamente coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2022.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 3611/2024 do día 19 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coas dúas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

En base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, en relación exclusivamente coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2022.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 3611/2024 do día 19 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coas dúas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Así mesmo, déase traslado ás dependenzas e ós servizos municipais afectados.

Lugo, 5 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira.

R. 0294

MONDOÑEDO*Anuncio***EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 3 de febreiro de 2026 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 1º BIMESTRE DO 2026.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de marzo ao 30 de abril do 2026, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 0295

MURAS*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía 2026-0031 de data 01.02.2026 foron aprobadas as bases e convocatoria do proceso selectivo para selección de funcionario/a interino/a por programa: peón forestal con cargo ao proxecto reforzo do emprego Plan Único 2025

O prazo de presentación de solicitudes é de 5 DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Muras: <https://muras.sedelectronica.gal>.

Muras, 1 de febreiro de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0296

RIBADEO*Anuncio***Aprobación, exposición pública do Padrón dos dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2025 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 29 DE DECEMBRO DE 2025, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa de dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2025, polo importe de setecentos oitocento dez euros (810,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 31 de decembro de 2025 e o 2 de marzo de 2026, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 29 de decembro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0297

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/24, de data 3 de febreiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 3 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0298

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/23, de data 3 de febreiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de decembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 3 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0299

Anuncio

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2026/0029, de data 5 de febreiro, exponse ao público a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo dunha praza de Operario/a de Servizos-Eltricista:

“DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2025 e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025 e no DOG núm. 62, do 31/03/2025, para cubrir unha (1) praza de Operario/a de Servizos-Eltricista, como persoal laboral fixo.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Operario de Servizos-Eltricista, persoal laboral fixo, do Concello de Ribeira de Piquín, regulado nas Bases aprobadas en Xunta de Goberno Local, reunida en sesión ordinaria do 30 de setembro de 2025 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 232, do 9 de outubro de 2025.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 259, de data 28 de outubro de 2025, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 209, de data 29 de outubro de 2025.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2026/001, de data 2 de xaneiro, pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, nomeamento dos membros de tribunal de selección e datas das probas selectivas, publicada no BOP núm. 004, de data 07/01/2026, rectificada pola Resolución de Alcaldía núm. 2026/007, de data 7 de xaneiro de 2026.

Concluindo o procedemento para a selección de persoal laboral fixo mediante concurso-oposición para a provisión en propiedade da seguinte praza neste concello:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Operario/a de servizos (Electricista)	Persoal laboral fixo

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 29 de xaneiro de 2026 que reflexa o seguinte resultado do proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
DÍAZ DÍAZ, JOSÉ PABLO	***5117**	2,00	8,00	9,00	19,00

Atendendo á anterior listaxe e vista a proposta do Órgano de Selección do/a seguinte aspirante como aprobado/a, por obter a máxima puntuación de tódolos aspirantes, xa que o número de aprobados non poder superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo:

Nome e apelidos	DNI
DÍAZ DÍAZ, JOSÉ PABLO	***5117**

Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Operario/a de Servizos-Electricista, como persoal laboral fixo, así como na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>), sendo a seguinte:

Nome e apelidos	DNI
DÍAZ DÍAZ, JOSÉ PABLO	***5117**

SEGUNDO.- Requirir ao aspirante para que acredite ante este Concello, no prazo de vinte (20) días hábiles dende a publicación do presente anuncio, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.”

Ribeira de Piquín, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0312

Anuncio

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2026/0030, de data 5 de febreiro, exponse ao público a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo dunha praza de Operario/a de Servizos-Fontaneiro:

“DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2025 e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025 e no DOG núm. 62, do 31/03/2025, para cubrir unha (1) praza de Operario/a de Servizos-Fontaneiro/a, como persoal laboral fixo.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Operario de Servizos-Fontaneiro/a, persoal laboral fixo, do Concello de Ribeira de Piquín, regulado nas Bases aprobadas en Xunta de Goberno Local reunida en sesión ordinaria do 30 de setembro de 2025 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 232, do 9 de outubro de 2025.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 259, de data 28 de outubro de 2025, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 209, de data 29 de outubro de 2025.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2026/002, de data 2 de xaneiro, pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, nomeamento dos membros de tribunal de selección e datas das probas selectivas, publicada no BOP núm. 04, de data 07/01/2026, rectificada pola Resolución de Alcaldía núm. 2026/003, de data 2 de xaneiro e pola Resolución de Alcaldía núm. 2026/008, de data 7 de xaneiro de 2026, publicada no BOP núm. 7, de data 10/01/2026.

Concluindo o procedemento para a selección de persoal laboral fixo mediante concurso-oposición para a provisión en propiedade da seguinte praza neste concello:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Operario/a de servizos (Fontaneiro/a)	Persoal laboral fixo

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 29 de xaneiro de 2026 que reflexa o seguinte resultado do proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
DORADO CORSINO, VÍCTOR	***4801**	1,70	5,80	NON PRESENTADO/A	7,50- NON APTO/A
LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	***5142**	2,25	8,80	10,00	21,05

Atendendo á anterior listaxe e vista a proposta do Órgano de Selección do/a seguinte aspirante como aprobado/a, por obter a máxima puntuación de tódolos aspirantes, xa que o número de aprobados non poder superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo:

Nome e apelidos	DNI
LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	***5142**

Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Operario/a de Servizos-Fontaneiro/a, como persoal laboral fixo, así como na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>), sendo a seguinte:

Nome e apelidos	DNI
LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	***5142**

SEGUNDO.- Requirir ao aspirante para que acredite ante este Concello, no prazo de vinte (20) días hábiles dende a publicación do presente anuncio, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.”

Ribeira de Piquín, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0313

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de subministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao terceiro cuadrimestre de 2025, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 09 de febreiro e o 09 de marzo de 2026.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0300

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local o padrón do canon da auga de vivendas sen contador da zona rural durante o ano 2025, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobado.

Contra o acordo de aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública do padrón e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa, ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario entre o 13 de febreiro e 13 de abril de 2026.

A falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública do padrón e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0301

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2026/0031, de data 4 de febreiro de 2026, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de xaneiro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas

dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fixase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0302

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía num. 2026/0030, de data 4 de febreiro de 2026, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de decembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fixase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0303

XOVE

Anuncio

MODIFICIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DESENVOLVIDAS CON MOTIVO DA PRESENTACIÓN DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN OU UTILIZACIÓN

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 15 de decembro de 2025, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DESENVOLVIDAS CON MOTIVO DA PRESENTACIÓN DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN OU UTILIZACIÓN, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en

cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DESENVOLVIDAS CON MOTIVO DA PRESENTACIÓN DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN OU UTILIZACIÓN

Artigo 1- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Xove establece a Taxa pola Intervención Municipal nas comunicacións previas de primeira ocupación ou utilización de edificacións, construcións e instalacións, a que se refire o artigo 20.4 h) do propio Real Decreto Lexislativo, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

Artigo 2- Feito imponible

1. Feito imponible. Está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da posta en coñecemento desta administración, da comunicación previa de primeira ocupación ou utilización prevista na lexislación urbanística e de vivenda de Galicia.

2. Devéñase a Taxa e nace a obrigação de contribuír desde que, iníciase a prestación do servizo cando sea presenta a comunicación previa.

Artigo 3- Obrigado tributario

Son obrigados tributarios, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da L.G.T., promotores da obra suxeita ao deber de presentar comunicación previa de primeira ocupación ou utilización.

Artigo 4- Beneficios fiscais

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 5- Cota tributaria

Devéñase en concepto de taxa polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da posta en coñecemento desta administración, da comunicación previa de primeira ocupación ou utilización prevista na lexislación urbanística e de vivenda de Galicia polo 0,5% do orzamento de execución material da obra do edificio previsto no proxecto.

Artigo 6- Depósito previo e autoliquidación.

Os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación e simultaneamente procederán a ingresar en fondos municipais a cota que resulte.

Artigo 7- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 5 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0304

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ*Anuncio*

Contratación como persoal laboral fixo como oficial 1ª conductor, según resultado do proceso selectivo correspondentes á praza de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluída na Oferta de emprego público de 2022.

EXPTE. NÚM. 65/2022

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0028 de data 12 de maio de 2022 aprobando a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0088 de data 26 de decembro de 2022 onde se aprobaron as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm.299 de 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado o día 15 de outubro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0062 de data 17 de outubro de 2024 pola que se aprobou unha corrección de erros das anteditas bases.

Visto que en data 21/10/2024 publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 243.

Visto que se publicou a corrección de erros no Boletín Oficial do Estado o día 24 de outubro de 2024 e se realizou a publicación no Diario Oficial de Galicia o día 28 de outubro de 2024, núm. 208.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0074 de data 23 de novembro de 2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes e excluídos no proceso, así como o nombramento do Tribunal.

Vista a publicación do anuncio do listaxe de admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal no BOP da provincia de Lugo, núm. 274 o día 27 de novembro de 2024.

Vista a proposta de 28 de novembro do Tribunal Calificador da data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0078 de data 29 de novembro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0009 de data 30 de xaneiro de 2025.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0066 de data 03 de novembro de 2025.

Vista a Acta do Tribunal de selección de data 05 de novembro de 2025.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0074 de data 28 de novembro de 2025, do tenor literal seguinte:

“Asunto: *Aprobación da proposta do Tribunal dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, en relación a praza de Oficial 1ª conductor.*

EXPTE. NÚM. 65/2022

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0028 de data 12 de maio de 2022 aprobando a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0088 de data 26 de decembro de 2022 onde se aprobaron as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm.299 de 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado o día 15 de outubro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0062 de data 17 de outubro de 2024 pola que se aprobou unha corrección de erros das anteditas bases.

Visto que en data 21/10/2024 publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 243.

Visto que se publicou a corrección de erros no Boletín Oficial do Estado o día 24 de outubro de 2024 e se realizou a publicación no Diario Oficial de Galicia o día 28 de outubro de 2024, núm. 208.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0074 de data 23 de novembro de 2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes e excluídos no proceso, así como o nombramento do Tribunal.

Vista a publicación do anuncio do listaxe de admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal no BOP da provincia de Lugo, núm. 274 o día 27 de novembro de 2024.

Vista a proposta de 28 de novembro do Tribunal Calificador da data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0078 de data 29 de novembro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0009 de data 30 de xaneiro de 2025.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0066 de data 03 de novembro de 2025, do tenor literal seguinte:

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Asunto: Requirimento o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022.

EXPTE.65/2022

Visto o expediente que se tramita nesta Mancomunidade de estabilización de emprego temporal segundo a oferta de emprego público de 2022.

Vista a Resolución de data 30 de xaneiro de 2025, 2025-0009 na que se sinala:

“Vista a Resolución de data 27 de decembro de 2024 na que se sinala:“[...]

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]

TERCEIRO.- Notificar aos aspirantes propostos esta Resolución, e requerilos para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presenten a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado nas bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

CUARTO.- Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

QUINTO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

[...]”

Visto que a base 9.1 das bases xerais dos procesos sinala que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán a documentación requirida.

Vista a publicación da relación definitiva de aspirantes no BOP, núm. 300 de 30 de decembro de 2024, na sede electrónica e na web da Mancomunidade.

[...]

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Gabriel Anllo García presentou dentro de prazo a documentación requirida na citada Resolución e nas bases, coa excepción do certificado médico, que non presentou por causa xustificada de forza maior ao encontrarse o mesmo na situación de incapacidade temporal.

Visto que a base 9.2 sinala que conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado nas presente bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Visto que a Dirección Xeral de Función Pública, en consultas, entre outras de 21 de maio e 3 de xullo de 2018, tralo análise da normativa e xurisprudencia aplicable, dispón que se considera que a situación de incapacidade temporal debidamente acreditada que cumpra coas esixencias fixadas na xurisprudencia e non sexa causa de incapacitación funcional, constitúe causa xustificada de forza maior que permitiría que a toma de posesión prodúzase unha vez finalice dita causa.

Vista que está debidamente acreditado que Don Gabriel Anllo García encontráse en situación de incapacidade temporal, que non é causa de incapacitación funcional, o que permitirá a súa contratación como persoal laboral fixo unha vez finalice a causa que xustifica a súa incapacidade temporal e que supón causa xustificada de forza maior á que se refire o artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Visto que nestes casos é necesario prorrogar o prazo para a acreditación dos requisitos exixidos na convocatoria ata o cese da causa que motiva esa forza maior.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local,

RESOLVO

[...]

TERCEIRO.- Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requirida para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor de Don Gabriel Anllo García, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.

[...]"

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Gabriel Anllo García presentou en data 03 de setembro de 2025, núm. 2025-E-RC- 61, a instancia co tenor literal seguinte:

"[...]

Expón:

Qué cumpridos todos os requisitos para proceder a miña xubilación

Solicita:

A baixa por xubilación como traballador da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, con efectos de 1 de setembro de 2025."

Vista a Resolución de data 05 de setembro de 2025, 2025-0054, na que se sinala:

"[...]

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar a xubilación de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, procedendo a súa baixa por xubilación con efectos do 1 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025

SEGUNDO.- Dispor, polo tanto, o cesamento no traballo de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, con data 1 de setembro de 2025, cos dereitos pasivos que lle corresponden, último día de alta como traballador da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá o 31 de agosto de 2025.

[...]"

Visto que o artigo 49.1 do RDLexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no seu apartado f) sinala:

“Artigo 49. Extinción do contrato.

1. O contrato de traballo extinguirase:

[...]

f) Por xubilación do traballador.

[...]”

Vista a cláusula 9.2 das bases xerais que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP nº 299 de 31 de decembro de 2022 que sinala que conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado nas presente bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Vista a cláusula 8.2 das referidas bases xerais que sinala que o Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada polos aspirantes seleccionados se deduzca que non cumpren os requisitos esixidos, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento, no caso de persoal funcionario de carreira, ou contratación, no caso de persoal laboral fixo.

Vista a acta do Tribunal de data 20 de decembro de 2024, na que se recolle a valoración de méritos do proceso selectivo en relación a praza de Oficial de 1º conductor, co seguinte tenor literal:

“[...]

VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022:

Sendo as 14:15 da comenzo a valoración dos méritos,

Visto o exposto na cláusula 6.2.1 das bases xerais que regulan, na cal consta

(..) “1.Méritos profesionais:

A.-Por cada mes completo de servizos prestados na entidade convocante na mesma praza/posto de traballo e categoría ao que aspira: 0,94 puntos/mes.

B.-Por cada mes completo de servizos prestados noutras Administracións Públicas Locais no mesmo praza/posto de traballo ao que aspira: 0,22 puntos/mes.

C.-Por cada mes completo de servizos prestados noutras Administracións Públicas na mesma praza/posto de traballo ao que aspira: 0,12 puntos/mes.”(..)

A estos efectos o Tribunal por unanimidade dos seus membros decide que conforme a cláusula 6.2.1 das bases xerais que regulan o presente proceso selectivo se valoren únicamente os servizos prestados na mesma praza/posto de traballo e categoría ao que se aspira.” (...)

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUCTOR COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	70	0	70
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

[...]”

Visto o resto de antecedentes que figuran no expediente.

Esta Presidencia, en virtude das competencias que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 13º do Decreto 34/1985, do 7 de marzo, polo que se aproban os Estatutos da Mancomunidade de municipios da Terra Chá.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Anular todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 no que se refire o aspirante D. Gabriel Anllo García, por as razóns expostas nos antecedentes no presente acordo, deixando expresa constancia de que a relación laboral de D. Gabriel Anllo García con esta Mancomunidade en data 31 de agosto de 2025, por xubilación do traballador.

SEGUNDO.- Requirir o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización do emprego público da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, a relación complementaria do aspirante que siga aos propostos para o seu posible nomeamento tal e como establece a base 8.2 das bases do proceso, na praza de Oficial de 1ª conductor.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Tesoureira, Intervención e a Xunta Plenaria da Corporación na primeira sesión ordinaria que ésta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Vista a Acta do Tribunal de selección de data 05 de novembro de 2025, do tenor literal seguinte:

“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022

EXpte. Núm. 65/2022

No Concello de Cospeito do día 5 de novembro de 2025, sendo as 11:56 horas, reúnen os membros do tribunal que a continuación se detallan:

Presidente/a: Dona Isabel Pernas Sánchez, Tesoureira en acumulacións da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá. (Telemáticamente)

Secretario/a: Dona Ana María Rubiera Álvarez, Secretaria- Interventora en acumulacións da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Vocais:

Dona Ruth Presas Pardo, Tesoureira do Concello de Cospeito.

Dona María Silva Taboada, Interventora Xeral do Concello de Cospeito.

Dona Ana Mª Cabana Martínez, Administrativa do Concello de Cospeito.

O obxecto desta reunión extraordinaria e executar o requirimento formulado polo Presidente da Mancomunidade de Municipios da Terra Cha na súa Resolución de data 03 de novembro de 2025, núm. 2025-0066, do tenor literal seguinte:

“[...]

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Anular todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 no que se refire o aspirante D. Gabriel Anllo García, por as razóns expostas nos antecedentes no presente acordo, deixando expresa constancia de que a relación laboral de D. Gabriel Anllo García con esta Mancomunidade en data 31 de agosto de 2025, por xubilación do traballador.

SEGUNDO.- Requirir o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización do emprego público da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, a relación complementaria do aspirante que siga aos propostos para o seu posible nomeamento tal e como establece a base 8.2 das bases do proceso, na praza de Oficial de 1ª conductor.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Tesoureira, Intervención e a Xunta Plenaria da Corporación na primeira sesión ordinaria que ésta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Vista a acta deste Tribunal de data 20 de decembro de 2024, na que se recolle a valoración dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Terra

Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 e que en relación a praza de persoal laboral fixo de Oficial de Primeira Conductor establece o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	70	0	70
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

Na mesma acta de 20 de decembro de 2024 o Tribunal sinala:

[...]

Concluído os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluída na Oferta de Emprego Público de 2022,

[...]

Atendendo ao anterior o membros do Tribunal, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- Declarar aprobado e propoñer para a contratación omo persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]"

Visto a Resolución da Presidencia de data 27 de decembro de 2024, núm. 2024-0085 na que se resolve o seguinte:

[...]

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]"

Visto a Resolución da Presidencia de data 30 de xaneiro de 2025, núm. 2025-0009 na que se resolve o seguinte:

[...]

TERCEIRO.- Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requirida para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor de Don Gabriel Anllo García, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.

[...]"

Vista a Resolución da Presidencia de data 05 de setembro de 2025, núm. 2025-0054 do tenor literal seguinte:

"Vista a instancia presentada por D. Gabriel Anllo García con DNI 33848012Q, de 03 de setembro de 2025 núm. 2025-E-RC-61 onde solicita a súa baixa por xubilación como persoal da Mancomunidad de Municipios con efectos da baixa de 01 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025.

Visto que conforme o artigo 49.1 da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, unha das causas de extinción do contrato do traballo é a xubilación do traballador.

Vistos os antecedentes que figuran no expediente.

Esta Presidencia, en virtude das competencias que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se

aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 13º do Decreto 34/1985, do 7 de marzo, polo que se aproban os Estatutos da Mancomunidade de municipios da Terra Chá.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar a xubilación de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, procedendo a súa baixa por xubilación con efectos do 1 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025

SEGUNDO.- Dispor, polo tanto, o cesamento no traballo de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, con data 1 de setembro de 2025, cos dereitos pasivos que lle corresponden, último día de alta como traballador da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá o 31 de agosto de 2025.

[...]"

Visto que, unha vez anuladas todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta pública de 2022 no que se refire ó aspirante D. Gabriel Anllo García, conforme a Resolución de data 03 de novembro de 2025, núm. 2025-0066, a relación complementaria cos aspirantes que siguen ao proposto na acta de 20 de decembro de 2025 é a que segue:

NOME E APELIDOS	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

Visto que existe un empate entre os dous candidatos e co fin de declarar aprobado e propor para a súa contratación a un dos dous faise necesario proceder o desempate dos mesmos tendo en conta a Base 7º das bases xerais e específicas que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, que sinala:

"7. Criterios de desempate:

No suposto de empate, seguirase o seguinte orde de prelación:

- 1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º. A de maior idade"

Tendo en conta a documentación aportada polos candidatos, resulta de aplicación o punto 4º da referida base 7 para o caso de empate, sendo o resultado do desempate dos candidatos o que segue:

NOME E APELIDOS	DNI	ANTIGÜIDADE TOTAL ACUMULADA EN CALQUERA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	MAIOR IDADE (DATA DE NACEMENTO)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	1.012 DÍAS	**/**/1977
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	**/**/1979

A vista do que antecede, o Tribunal, por unanimidade acorda declarar aprobado e propoñer para a súa contratación como persoal laboral fixo ao seguinte aspirante:

NOME E APELIDOS	DNI
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12:27 horas, asinando os señores membros do Tribunal, no lugar e datas sinalados."

Visto que na base novena das bases xerais dispónse que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede

electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

a) No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea, de acordo con a base 2.1.a, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.

d) Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica.

Por canto antecede,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**

SEGUNDO.- Notificar ao aspirante proposto nesta Resolución, e requerilo para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fíxese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presente a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que se dentro do prazo indicado nas bases, e salvo caso de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderá ser contratado como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

TERCEIRO.- Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

CUARTO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Armando Castosa Alvarino, en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que eu como Secretaria -Interventora, dou fe."

Visto que a base 9.1 das bases xerais do proceso sinala que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fíxese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, o aspirante proposto achegará a documentación requirida.

Vista a publicación da relación definitiva de aspirantes no BOP, núm. 281 de 09 de decembro de 2025, na sede electrónica e na web da Mancomunidade.

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Raimundo Polo Díaz presentou dentro de prazo a documentación requirida na citada Resolución e nas bases.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local,

Por canto antecede,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar a contratación como persoal laboral fixo como oficial 1ª conductor ao servizo da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá da seguinte persoa:

NOME E APELIDOS	DNI
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**

SEGUNDO.- Adscribir a D. Raimundo Polo Díaz ao seguinte posto de traballo contemplado na Relación de Postos de Traballo, publicada no BOP núm. 26 de Lugo en data 31 de xaneiro de 2024:

CODIGO	DENOMINACIÓN	OCUPANTE DO POSTO
03.00.00.01	CONDUCTOR/A	D. Raimundo Polo Díaz

TERCEIRO.- A formalización da contratación como persoal laboral fixo da persoa antes sinalada realizarase no prazo dun mes contado a partir da data da notificación desta Resolución ó interesado.

Unha vez formalizado o contrato, comunicáraselle a oficina pública de emprego a través da aplicación Contrat@, no prazo de 10 días seguintes a súa concertación e tramitaráanse as incidencias de altas e baixas derivadas deste expediente ante a Seguridade Social.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ó interesado.

QUINTO.- Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

SEXTO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina

Cospeito, 4 de febreiro de 2026.- O Sr. presidente, D. Armando Castosa Alvariño. A secretaria -interventora, dona Ana María Rubiera Álvarez.

R. 0305